

MINISTERIO DE DEFENSA

MESA DELEGADA

26/2/2026

Recollemos a información máis relevante da reunión da Mesa de Negociación do Ministerio de Defensa convocada para abordar as cuestións retributivas do persoal civil empregado público neste Ministerio.

Produtividade variábel do persoal estatutario de Defensa

Retomouse a negociación desta modalidade do complemento de produtividade deste persoal, que quedara paralizada na reunión de maio do ano pasado pola ruptura temporal de relacións entre a parte sindical e o Ministerio debido ao inicio e desenvolvemento do proceso de discriminación salarial cometida co persoal civil.

O obxectivo desta produtividade busca encaixar formalmente e materializar a mellora salarial froito da discriminación cometida co persoal civil, e recibida xa polo persoal funcionario e laboral a finais do pasado ano.

A CIG e o resto da parte sindical presentamos alegacións ao proxecto presentado pola Administración, abordouse a negociación destas alegacións, e o Ministerio quedou encargado de enviar unha proposta final de acordo da Mesa Delegada para este Plan produtividade variábel.

Os sindicatos CSIF, UXT e CCOO deixaron constancia do seu apoio ao acordo, mentres que CIG optamos pola abstención.

A explicación da nosa posición está xustificada en que non suscribiremos ningún acordo parcial de calquera réxime xurídico en cuestión, mentres non se aborden e negocien as produtividades de cada un destes, co fin de non crear novos agravos comparativos entre o persoal civil, e como medio para acelerar a disposición da Administración a chegar a tal fin.

Non mostramos a nosa negativa ao acordo porque as cantidades que vai percibir este persoal por este concepto van ser desde os 2400 ata os 3120€, en función da súa categoría profesional. Deixamos constancia que, curiosamente, a media destas cantidades xa son practicamente os 200€ en 14 pagas que se lle subiu ao persoal militar, o que nos leva a concluir a que a Administración errou na determinación unilateral das cantidades ofrecidas a final do ano pasado para o persoal funcionario e laboral.

O abono desta produtividade corresponderá a este ano en curso. Polo tanto, non se contempla o atraso do ano 2025, feito polo emitimos a nosa disconformidade neste aspecto.

Retribucións do persoal estatutario de Defensa

Como consecuencia do proceso de estatutarización do persoal da Rede Sanitaria Militar iniciado a finais do ano pasado, o Ministerio presentou unha primeira proposta de Orde Ministerial para desenvolver os aspectos retributivos deste persoal.

Como primeira toma de contacto, chamounos a atención a inclusión dunha modalidade no complemento de produtividade denominada *“por vinculación à Rede Sanitaria Militar”*.

A priori vimos nesta modalidade a posíbel opción que ten o Ministerio para solucionar a discriminación salarial co persoal civil pola vía da utilización do complemento de produtividade, porque pode ser aplicábel aos demais réximes xurídicos do persoal civil.

Agardabamos a que se xustificase esta modalidade de produtividade “por ser empregado do Ministerio de Defensa”, pero a nosa sorpresa é maiúscula cando se xustifica para encubrir unha diminución do complemento específico dunha parte do persoal estatutario para que este poda cumprir cos requisitos legais à hora de solicitar unha compatibilidade cunha actividade privada, e desta maneira, a diferenza do complemento específico que realmente lle correspodería pola súa categoría sería a cantidade para esta modalidade de produtividade. Cuestión que nos parece inaceptábel desde un punto de vista de prioridade de atención e defensa do servizo público.

Negociación de Instrucción de produtividade do persoal funcionario

O Ministerio presentou unha proposta de modificación da instrucción vixente de 2018.

A representación sindical expuxo parte das súas alegacións na reunión abrindo desta maneira o proceso negociador desta cuestión, e combinouse a unha próxima reunión da Mesa Delegada para seguir intercambiado posicións.

Desde CIG deixamos clara a nosa postura sobre a necesaria regulación e axuste deste complemento salarial para todo o persoal civil, se é a única vía que se quere utilizar para aplicar a suba salarial que se lle aplicou ao persoal militar.

Informa o Ministerio que actualmente aínda non se dispón da autorización do crédito por parte de Facenda para este ano en curso para financiar este concepto salarial.

Da CIG reclamamos nesta reunión a importancia dunha negociación real das contías, a regularidade periódica no seu abono, así como as condicións para a súa percepción.

Neste sentido, quixemos expresar a incertidume que ten o persoal actualmente en canto à estabilidade do conseguido a final do ano pasado, polo que a Mesa Delegada debe ser consciente da responsabilidade que ten para chegar a un acordo que dea a necesaria seguridade na percepción deste ingreso por parte do persoal.

Información sobre a MUA do persoal laboral. Produtividade deste persoal.

Da mesma maneira que co persoal funcionario, o Ministerio non confirma novidades sobre a autorización de crédito de Facenda para este ano 2026.

Si informan da cantidade de 17.093.531,54€ utilizada neste concepto que percibiron 8676 empregad@s, en diferentes cantidades segundo o seu caso.

Da CIG quixemos deixar constancia que o Ministerio debe sair da unilateralidade e que a masa salarial destinada à MUA debería negociarse na Mesa Delegada dentro dunha Instrucción de produtividade para o persoal laboral.

Semanas antes desta reunión enviamos como proposta de punto a tratar a Produtividade do persoal laboral. O feito de non incluír tal punto lévanos a concluir a que o Ministerio aínda non está en disposición de abordar esta cuestión, adiando novamente un dos puntos propostos presentados polo Director Xeral de Persoal na folla de ruta presentada hai case un ano ante a representación sindical, na cal se poñían como obxectivo presentala en outubro pasado.

Información sobre concepto “*incentivo ao rendemento*”

A solicitude da CIG pediuse información sobre este concepto percibido na nómina de decembro 2025 por parte dalgún persoal.

A explicación que ofreceu o Ministerio é que se aplicou, como atraso, a suba do 2,5% correspondente ao ano 2025 das cantidades de produtividade percibidas polo persoal, individualmente, durante ese ano.

Agradecemos esta información ao Ministerio, pois senta precedente ante a posíbel inclusión dunha cláusula de revisión anual dos importes a percibir polo complemento de produtividade conforme aos incrementos salariais acordados para o persoal público, cuestión que precisamente queremos incluír nas novas Instrucións de produtividade que se negocien proximamente.

Proposta de CIG para solución da discriminación salarial co persoal civil de Defensa

A mediados de febreiro enviamos ao Ministerio un documento (anexamos a esta nota) como proposta para chegar a un acordo retributivo, no ámbito da Mesa Delegada, co obxectivo de buscar unha integración de forma estábel, normalizada e con seguridade xurídica dunha suba salarial para o persoal civil de maneira análoga à aplicada ao persoal militar.

Parecíanos imprescindible e necesario presentar esta proposta neste momento do conflito laboral aberto por motivos salariais de discriminación entre persoal dun mesmo Ministerio, porque nos parece que é a solución máis xusta, “aplicar o mesmo que se fixo co persoal militar”, e segura, porque permite blindar xuridicamente na nosa estrutura retributiva a suba ofrecida, en contraposición à solución unilateral que escolleu a Administración que non permite consolidar o conseguido.

Valoramos positivamente que se incluíra a nosa proposta na orde do día da reunión porque o que procurabamos era deixar constancia expresa da posición da Administración e o resto das organizacións sindicais para aceptar ou rexeitar esta posíbel vía de solución ao conflito laboral aínda aberto.

O Ministerio é o único que intervén e interpreta que non é ámbito competencial da Mesa Delegada determinar un acordo nos parámetros propostos, e que esta proposta de acordo debería ser no ámbito superior a este organismo, que é a Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral de Estado.

Da CIG rebatemos esta interpretación desde o punto de vista de que desde a Mesa Delegada do Ministerio Defensa debería saír un principio de acordo, que posteriormente se elevaría ante Función Pública na Mesa Xeral.

Non nos resulta sorprendente o silencio do resto da organizacións sindicais presentes na Mesa Delegada no momento en que poden tomar posición a respeito desta cuestión, pois saben todas elas que se tivesen unha vontade real de dar unha solución à discriminación salarial do persoal civil de Defensa, esta proposta xa estaría a ser abordada de maneira unitaria pola representación sindical.

Resulta patente a diferenza de visións do conflito polas diferentes organizacións sindicais. De CIG temos claro que se deben aproveitar todas aquelas oportunidades que permitan mellorar as condicións económicas do persoal público, sexa cal sexa o Ministerio ou Administración.

A nosa é unha visión integral e conxunta de defensa dos intereses de todo o persoal, sen distinción, e deixar de dar a loita onde se abre unha vía na que podemos conseguir melloras significaría renunciar a defender os intereses do persoal público.

Galiza, 2 de marzo de 2026